



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de Marea Pontevedra, presenta ante o Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte PROPOSICIÓN relativa á **ANULACIÓN DA PRÓRROGA DE 60 ANOS DE ENCE NA RÍA DE PONTEVEDRA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 25 de xaneiro de 2016, o Goberno do Estado, daquela en funcións e presidido polo pontevedrés Mariano Rajoy Brey, concedeulle á empresa ENCE unha prórroga en virtude da cal se lle ampliaba a concesión da súa presenza na Ría de Pontevedra por outros 60 anos máis, ata o ano 2073.

A sociedade pontevedresa reaccionou cunha manifestación masiva só catro días despois do coñecemento desa prórroga, o 29 de xaneiro. E o 6 de abril dese mesmo ano o Congreso dos Deputados aprobou unha Proposición Non de Lei, presentada por En Marea e apoiada de xeito decisivo polo PSOE (e con só o voto en contra do Partido Popular e a abstención de Ciudadanos) para “anular a prórroga outorgada a ENCE Energía y Celulosa na cidade de Pontevedra”, por ser a todas luces nefasta para o futuro da Ría e de cantos habiten na súa contorna durante a actual e varias xeracións máis.

Tras o desaloxo do Goberno do Estado dunha forza política declarada, na sentenza do Caso Gurtel, como beneficiaria de corrupción “a título de lucro”, e no adeus a un presidente que fixo “méritos” para que o Pleno do Concello de Pontevedra o declarase o 22 de febreiro de 2016 **persoa non grata** (a

instancia de Marea Pontevedra e do PSOE), o Grupo Municipal de Marea presenta, ao abeiro do artigo 118 do ROP e para a súa aprobación, se procede, a seguinte

PROPOSICIÓN:

Instar o novo Goberno do Estado, presidido polo socialista Pedro Sánchez, a emprender as accións que conduzan á anulación da prórroga de 60 anos de presenza na ría de Pontevedra que lle foi concedida a ENCE en 2016.

Pontevedra, 1 de xuño, 2018



Luís Rei Núñez

Voceiro do GM de Marea Pontevedra